

## ÍNDICE DE CONTIDOS

1. Introducción.....	2
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias chave.....	2
3. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais e concreción do grao mínimo de consecución para superar a materia para cada estándar de aprendizaxe avaliábel.....	3
4. Concreción dos obxectivos.....	6
4.1. Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria.....	6
4.2. Concreción dos obxectivos da materia na Programación Didáctica.....	7
5. Concreción dos procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe avaliábel.....	8
6. Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	8
Temporalización.....	9
7. Materiais e recursos.....	10
8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	10
8.1. Criterios de avaliación.....	10
8.2. Criterios de cualificación.....	10
Avaliación ordinaria.....	10
Avaliación extraordinaria.....	10
Medidas previstas para os casos de fraude na realización das probas ou na presentación de traballos.....	11
Datas e prazos.....	11
8.3. Criterios de promoción.....	11
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	11
10. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar segundo os resultados do alumnado.....	12
11. Medidas de atención á diversidade.....	12
12. Concreción dos elementos transversais.....	12
13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados, e procesos de mellora.....	13

## 1. Introducción

A materia de Filosofía de cuarto curso de ESO ten como unha das súas finalidades contribuír a dotar o alumnado dunha capacidade básica de comprensión. Esta capacidade, arrancando da propia experiencia humana, das vivencias, das inxerencias e dos interrogantes que ela mesma suscita, debe catapultar o alumnado ao limiar dunha capacidade de crítica, de argumentación e síntese que, ademais da súa exemplificación filosófica, poida servirle para desenvolverse como persoa e como cidadán ou cidadá, entendendo a radicalidade do saber filosófico como ferramenta de transformación e cambio.

A comprensión de si mesmo/a e do mundo en que se vive, sen esquecer a súa vertente histórica, responde á dimensión teórica da filosofía como "preguntar radical" mediante a procura e tratamento dos grandes interrogantes filosóficos. Xunto a iso, a materia debe proxectar unha dimensión práctica, incidindo basicamente no fomento dunha actitude reflexiva e crítica que non acepte nada preconcebido, e dunha capacidade de pensar que, a través da mediación dialóxica, sexa capaz de argumentar de forma coherente e lóxica. O alumnado, deste xeito, deberá integrar coherentemente as súas ideas e as súas crenzas, someténdoo á crítica e á visión doutras persoas para ser quen de alcanzar un pensamento autónomo que integre os seus coñecementos e os seus valores, comprendendo a particularidade da filosofía como saber radical e global.

Con este tratamento, que permite integrar nunha visión de conxunto a gran diversidade de saberes, capacidades e valores, a filosofía erixese nunha ferramenta moi interesante para contribuír ao logro das máis importantes expectativas descritas nas competencias clave. É patente que as competencias clave deben estar perfectamente integradas nas propostas curriculares das áreas e materias, para desenvolver, de forma coherente e precisa, os resultados da aprendizaxe que o alumnado debe conseguir. Neste sentido, esta materia, dentro da implicación das competencias clave no sistema educativo español, pode contribuír a desenvolver especialmente as seguintes competencias: comunicación lingüística, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, e conciencia e expresións culturais. Cómpre valorarse que, dun xeito nomeadamente salientable, a materia no seu conxunto debe motivar o alumnado para aprender a aprender, competencia basal para a adquisición do amor ao saber, o que constitúe un eixe paradigmático para afrontar a vida e o mundo, dotando o alumno ou a alumna de valiosos apeiros para, desde a iniciativa persoal, formalo como persoa.

Unha metodoloxía centrada e fundamentada nas competencias clave debe supor novos retos e, especialmente, importantes cambios na forma de entender a concepción do proceso de ensino e aprendizaxe, así como cambios na propia cultura escolar en xeral. Non só se fai necesaria unha estreita vinculación do profesorado no desenvolvemento curricular senón tamén transcendentos cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensino. A avaliación das competencias require o concurso de estratexias e instrumentos para avaliar o alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, as destrezas, os valores e as actitudes. E cómpre non esquecer a flexibilidade e a variabilidade nos procedementos de avaliación como parte inherente ao entendemento da avaliación como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe e, ao cabo, como un utensilio clave para mellorar a calidade da educación. Neste sentido, estratexias como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión activa e desde a posta en práctica das dificultades e as fortalezas do alumnado, tendo o conta o horizonte de participación dos compañeiros e das compañeiras, e desde a colaboración do profesorado na regulación do proceso de ensino e aprendizaxe.

A materia estrutúrase en seis bloques: "A filosofía", "Identidade persoal", "Socialización", "Pensamento", "Realidade e metafísica" e "Transformación". Pode entenderse, dun xeito escolar, que estes bloques representan globalmente un equilibrio, xa que tres deles responden a unha dimensión marcadamente teórica (filosofía, pensamento, realidade e metafísica), mentres os outros tres acentúan máis a vertente práctica da reflexión filosófica (identidade persoal, socialización e transformación). Co desenvolvemento destes bloques o alumnado debe ser quen, a través da internalización, a asimilación e a consecución das competencias clave, de adquirir unhas destrezas teórico-prácticas basais para o avance e a mellora no eido persoal e na interacción social, adquirindo, ao tempo, unha visión filosófica e cultural en xeral.

## 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias chave

As competencias chave son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL)
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- c) Competencia dixital (CD)

- d) Aprender a aprender (CAA)
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

No apartado seguinte apartado recollemos a contribución da materia ao desenvolvemento das competencias chave, en relación cos estándares de aprendizaxe e os mínimos esixibles.

### 3. Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais e concreción do grao mínimo de consecución para superar a materia para cada estándar de aprendizaxe avaliada

Os estándares de aprendizaxe aparecen recollidos no currículo da materia de Filosofía de 4º ESO (LOMCE).

O nivel de consecución dos estándares de aprendizaxe avalíase en función dunha escala que vai do 1 ao 4, sendo 1 o nivel mínimo e 4 o nivel máximo. No nivel 1 –mínimo–, non se desenvolven os estándares de aprendizaxe ou se desenvolven de xeito limitado. Non se tratan correctamente as cuestións tratadas, as exposicións dos temas son moi precarias e carecen de coherencia. As tarefas non se resolven ou resólvense de maneira moi simple. Non hai referencias a outras perspectivas nin contraargumentos. No nivel 2 –mediocre– desenvólvense os estándares de aprendizaxe correspondentes. As cuestións trátanse moi superficialmente. As análises son precarias e/ou carecen de coherencia. As tarefas resólvense de maneira simplista e maiormente descritiva. Obsérvanse referencias mínimas a contraargumentacións ou perspectivas diferentes. No nivel 3 –satisfactorio– é o nivel mínimo esixible. Maníftanse suficientemente desenvolvidos os estándares de aprendizaxe. As aplicacións das aprendizaxes e as análises realizadas son coherentes e están adecuadamente desenvolvidas. Nelas identifícanse correctamente algunhas consecuencias, contraargumentos e diferentes perspectivas. No nivel 4 –sobresaínte– maníftanse plenamente desenvolvidos os estándares de aprendizaxe correspondentes. As aplicacións das aprendizaxes e as análises realizadas son coherentes e están perfectamente desenvolvidas. Nelas maníftase a consideración das consecuencias, contraargumentos, perspectivas diferentes, achegas propias, etc.

A continuación establécese unha relación entre os estándares de aprendizaxe, as competencias chave e o grao de consecución:

Estándar de aprendizaxe	Competencia chave	Mínimos esixibles
FIB1.1.1. Define e utiliza conceptos como filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia ou prexuízo, e elabora un glosario con eles.	CAA	Nivel 3
FIB1.1.2. Distingue entre, coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir e crear.	CCL	Non esixible
FIB1.2.1. Explica as diferenzas entre a explicación racional e a mitolóxica, en comparación tamén con algunhas características xerais das filosofías orientais.	CCEC	Nivel 3
FIB1.2.2. Le textos interpretativos e descritivos da formación do Cosmos e o ser humano, pertencentes ao campo mitolóxico e ao campo racional, e extrae semellanzas e diferenzas nas formulacións.	CCL	Non esixible
FIB1.3.1. Describe as primeiras respostas presocráticas á pregunta polo arché, coñece os seus autores e reflexiona por escrito sobre as solucións de interpretación da realidade expostas por Heráclito, Parménides e Demócrito.	CCL CCEC	Nivel 3
FIB1.4.1. Compara a interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura.	CSC	Nivel 3
FIB1.5.1. Realiza pequenos ensaios, argumentando as súas opinións de xeito razoado, no que pretenda dar sentido a algún conxunto de experiencias.	CAA	Non esixible
FIB1.6.1. Diserta sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades.	CCL	Non esixible
FIB2.1.1. Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia,	CCL	Nivel 3

inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos.		
FIB2.2.1. Define e caracteriza o que é a personalidade.	CCL	Nivel 3
FIB2.3.1. Coñece as teses fundamentais sobre a personalidade e argumenta sobre iso.	CCL	Non esixible
FIB2.4.1. Le textos literarios nos que se analiza a personalidade dos personaxes, identifica os trazos e os tipos de personalidade, e reflexiona por escrito sobre a temática.	CAA CLL	Non esixible
FIB2.5.1. Analiza que se entende por inconsciente.	CCEC	Nivel 3
FIB2.6.1. Le e analiza textos filosóficos, literarios ou científicos cuxo punto de reflexión sexa a herdanza adquirida na formación da personalidade, incidindo no autocoñecemento.	CAA CCL CMCCT	Non esixible
FIB2.7.1. Investiga e selecciona información significativa sobre conceptos fundamentais de filosofía da mente.	CCL CD	Non esixible
FIB2.8.1. Define e utiliza con rigor conceptos como motivación, emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.	CCL	Nivel 3
FIB2.9.1. Explica as teses máis importantes da teoría cognitiva acerca do coñecemento e a motivación.	CAA	Nivel 3
FIB2.10.1. Explica as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación e expresa a súa opinión razoada ao respecto.	CAA CCL	Non esixible
FIB2.10.2. Explica e compara a visión sobre a motivación da teoría cognitivista e a da teoría humanística sobre a motivación.	CAA	Non esixible
FIB2.11.1. Analiza e argumenta sobre textos breves e significativos de autores salientables sobre as emocións, e argumenta por escrito as propias opinións.	CCL	Non esixible
FIB2.12.1. Analiza textos e diserta sobre a incidencia das emocións, como a frustración, o desexo ou o amor, entre outras, na conduta humana.	CCL CSC	Nivel 3
FIB2.13.1. Argumenta sobre o papel das emocións para estimular a aprendizaxe, o rendemento, o logro de obxectivos e a resolución de problemas, entre outros procesos.	CAA CCL	Nivel 3
FIB2.14.1. Analiza textos en que se describe o papel das emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento.	CCL CSIEE	Non esixible
FIB2.15.1. Desenvolve de forma colaborativa un glosario para publicar en internet, coa terminoloxía filosófica da unidade.	CD CSC	Non esixible
FIB2.16.1. Explica a teoría da alma de Platón.	CCEC	Non esixible
FIB2.16.2. Explica a teoría da alma de Aristóteles.	CCEC	Non esixible
FIB2.16.3. Argumenta a súa opinión sobre a relación entre o corpo e a mente ou alma.	CAA	Non esixible
FIB2.17.1. Explica o que é a introspección segundo Agostiño de Hipona, utilizando este tipo de pensamento en primeira persoa para describirse a si mesmo/a.	CAA	Non esixible
FIB2.18.1. Expón o significado da tese de Descartes "Penso, logo existo".	CCEC	Non esixible
FIB2.18.2. Expón as súas reflexións sobre as implicacións do materialismo na súa descrición do ser humano.	CCEC CSC	Non esixible
FIB2.19.1. Explica o que é a vontade.	CCL	Non esixible
FIB2.20.1. Argumenta, desde o plano filosófico, sobre o papel das emocións na consideración do ser humano en canto tal.	CCL	Non esixible
FIB2.21.1. Expresa e desenvolve a idea de home como proxecto.	CCL, CSIEE	Non esixible
FIB3.1.1. Define e utiliza conceptos como individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, e globalización.	CCL, CSC	Nivel 3
FIB3.2.1. Define e explica o significado dos conceptos de cultura e de sociedade, facendo referencia aos compoñentes socioculturais que hai no ser humano.	CCEC, CCL	Nivel 3
FIB3.3.1. Expresa algúns dos principais contidos culturais, como son as institucións, as ideas, as crenzas, os valores, os obxectos materiais, etc.	CCEC	Nivel 3

FIB3.3.2. Coñece os niveis aos que se realiza a internalización dos contidos culturais dunha sociedade; é dicir, a nivel biolóxico, afectivo e cognitivo.	CAA, CCEC	Non esixible
FIB3.4.1. Describe a socialización primaria e secundaria.	CSC	Nivel 3
FIB3.5.1. Explica as teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.	CSC	Nivel 3
FIB3.6.1. Explica o que é unha civilización e pon exemplos fundamentados, e investiga e reflexiona sobre as semellanzas e as diferenzas entre oriente e occidente.	CAA,CCEC, CSC	Nivel 3
FIB3.7.1. Explica o que é a comunicación e reflexiona sobre as vantaxes e os inconvenientes cando a ferramenta para ela son as novas tecnoloxías.	CD	Nivel 3
FIB3.8.1. Reflexiona por escrito sobre o papel activo dun/dunha mesmo/a no seu contexto sociocultural, como ser capaz de innovar e xerar cambios culturais.	CCL,CSIEE	Nivel 3
FIB3.9.1. Coñece o relativismo cultural e o etnocentrismo, e reflexiona sobre eles, expresando conclusións propias e achegando exemplos con feitos investigados e contrastados en internet.	CAA,CCEC, CD	Nivel 3
FIB4.1.1. Define e utiliza conceptos como razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.	CSC	Nivel 3
FIB4.1.2. Explica o que é a racionalidade e describe algunhas das súas características.	CCL	Nivel 3
FIB4.2.1. Explica a concepción sobre as posibilidades da razón.	CCL	Non esixible
FIB4.3.1. Identifica as dúas posibilidades de aplicación da racionalidade: teórica e práctica.	CAA,CCEC	Nivel 3
FIB4.4.1. Explica as teses centrais da teoría da intelixencia emocional.	CSC	Non esixible
FIB4.4.2. Argumenta sobre a relación entre a razón e as emocións.	CSC,CCL	Non esixible
FIB4.5.1. Define algúns tipos de verdade, como son a verdade como correspondencia, a verdade segundo o pragmatismo americano e a verdade desde o perspectivismo.	CCL	Nivel 3
FIB4.5.2. Reflexiona sobre a parte positiva de equivocarse e a importancia do erro como posibilidade de procura de novas estratexias e solucións.	CCL,CAA, CSIEE	Nivel 3
FIB5.1.1. Define e utiliza conceptos como metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo. FIB5.1.2. Define o que é a metafísica, o seu obxecto de coñecemento e o seu modo característico de preguntar sobre a realidade.	CCL,CCEC	Nivel 3
FIB5.2.1. Expressa as dúas posibles respostas á pregunta pola orixe do Universo (é eterno ou foi creado), e expón as súas reflexións sobre as implicacións relixiosas e filosóficas de ambas as dúas.	CAA, CCEC, CMCCT	Non esixible
FIB5.2.2. Expón as dúas posturas sobre a cuestión acerca de se o Universo ten unha finalidade, unha dirección, ou se non a ten, e argumenta filosoficamente a súa opinión ao respecto.	CAA, CMCCT	Non esixible
FIB5.2.3. Analiza textos cuxo punto de reflexión é a realidade física que nos rodea e os interrogantes filosóficos que suscita.	CAA, CCEC, CMCCT, CCL	Non esixible
FIB5.3.1. Define o que é o determinismo e o indeterminismo, no marco da reflexión sobre se existe unha orde no Universo rexida por leis.	CMCCT	Non esixible
FIB5.4.1. Coñece as teses centrais do vitalismo de filósofos/as que reflexionan sobre a vida.	CCEC	Non esixible
FIB5.4.2. Analiza textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou o lugar do individuo na realidade, e expón as súas propias reflexións ao respecto.	CCL	Non esixible
FIB6.1.1. Define e utiliza conceptos como vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.	CSC	Nivel 3
FIB6.1.2. Analiza textos breves sobre o tema da liberdade, e argumenta a propia opinión.	CSC	Nivel 3
FIB6.2.1. Explica o que é o libre albedrío e a facultade humana da vontade.	CCL	Nivel 3
FIB6.3.1. Expón as súas reflexións sobre a posibilidade de que exista ou non o libre albedrío, tendo en conta os avances no coñecemento da xenética e a neurociencia.	CMCCT, CSC	Non esixible
FIB6.4.1. Argumenta sobre as posibilidades do ser humano de actuar libremente, tendo en conta que é un ser natural.	CCL,CSC	Nivel 3

FIB6.5.1. Expresa diferentes posturas de filósofos en torno ao tema da liberdade.	CSC	Non esixible
FIB6.6.1. Define e utiliza conceptos como estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia.	CCL,CMCCT	Non esixible
FIB6.7.1. Le e comenta textos breves e significativos sobre o mecanismo de aparición de ideas novas.	CAA,CCL,CSIEE	Non esixible
FIB6.7.2. Explica o que é a imaxinación e exemplifícaa mediante a redacción de relatos breves de temática filosófica.	CAA,CCL,CSIEE	Non esixible
FIB6.8.1. Analiza textos de literatura fantástica, considerando os elementos especificamente creativos e reflexionando sobre eles.	CCL, CSIEE	Non esixible
FIB6.9.1. Explica as fases do proceso creativo.	CSIEE	Non esixible
FIB6.10.1. Utiliza a técnica de desenvolvemento da creatividade coñecida como de revisión de supostos e inversión, e aplícaa sobre algunha teoría filosófica ou científica.	CAA,CSIEE	Non esixible
FIB6.10.2. Explica as principais técnicas de desenvolvemento da creatividade.	CAA,CSIEE	Non esixible
FIB6.11.1. Utiliza de forma colectiva a técnica do brainstorming para reflexionar sobre temas filosóficos tratados durante o curso.	CAA,CSC	Non esixible
FIB6.12.1. Argumenta sobre o papel da liberdade como condición fundamental para a creación, e razoa a súa opinión.	CCL,CSC	Non esixible
FIB6.13.1. Explica as características das persoas especialmente creativas e algunhas das formas en que pode potenciarse esta condición.	CCEC, CSIEE	Non esixible
FIB6.14.1. Argumenta sobre a importancia de asumir riscos e saír da chamada zona de confort para alcanzar metas e lograr resultados creativos e innovadores.	CSIEE	Non esixible

## 4. Concreción dos obxectivos

### 4.1. Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria

A ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### **4.2. Concreción dos obxectivos da materia na Programación Didáctica**

Os obxectivos da materia son os seguintes:

1. Afondar no coñecemento da filosofía como saber teórico e como razón práctica.
2. Analizar a diferenza entre filosofía, ciencia e relixión.
3. Identificar os usos teórico e práctico da filosofía.
4. Identificar a filosofía como actitude crítica.
5. Analizar o nacemento da filosofía e en Grecia e as ideas básicas dos seus pensadores máis salientables.
6. Profundar no coñecemento do temperamento e do carácter persoais.
7. Comprender e extrapolar as teorías da personalidade a contextos actuais de análises.
8. Comprender a importancia das emocións e da motivación na configuración do eu persoal.
9. Discriminar entre o que se entende por conciencia e inconsciente.
10. Identificar e comparar as visións da humanidade da filosofías antiga, medieval, moderna e contemporánea do ser humano.
11. Coñecer os conceptos de cultura, civilización e sociedade, e os elementos que conforman unha cultura.
12. Profundar nas diferentes etapas e nos distintos procesos de socialización.
13. Recoñecer as diferentes actitudes humanas ante a diversidade cultural.
14. Distinguir entre coñecemento e opinión, e coñecer os métodos da ciencia para achegarse á razón.
15. Coñecer as principais teorías clásicas do coñecemento e a definición e as diversas concepcións da verdade.
16. Analizar as teorías da intelixencia de Gardner e de Goleman, e reflexionar sobre a súa aplicación no mundo actual.
17. Coñecer a liberdade nos seus múltiples sentidos e reflexionar sobre a polémica filosófica do libre albedrío.
18. Reflexionar sobre a diferenza entre ética e moral.
19. Coñecer o concepto e os problemas da bioética.
20. Atopar argumentos éticos sobre o uso da tecnoloxía en distintos contextos.
21. Analizar os problemas das éticas ambiental e dos negocios.
22. Pensar na pregunta metafísica pola esencia da realidade, cuestionándose a filosofía da natureza.
23. Analizar o problema do sentido da existencia e reflexionar sobre algunhas das principais respostas ao respecto.
24. Recoñecer as etapas da creatividade e as súas fontes.
25. Apreciar a creación artística profundando no sentido de beleza.

## 5. Concreción dos procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe avaliable

Os procedementos de avaliación que se aplicarán son os seguintes:

- A realización na aula de traballos e/ou probas escritas (ou orais).
- A observación do alumnado na aula.

O primeiro procedemento pretende a obtención de datos sobre o logro de estándares de aprendizaxe conceptuais. Os traballos consistirán na análise e investigación dalgunha das cuestións tratadas na materia. Poderán realizarse en grupo ou individualmente. As probas escritas (ou orais) serán de algún destes formatos: test de comprensión e razoamento; cuestións abertas, concretas ou temáticas; comentarios de texto; probas con cuestións; resolución de dilemas morais,... O segundo procedemento pretende a obtención de datos sobre o logro de estándares de aprendizaxe actitudinais. Mediante este procedemento, durante a realización das diferentes tarefas observarase: A capacidade de argumentación e razoamento; a atención, o interese e o esforzo; a actitude de tolerancia e respecto no trato cos demais; a actitude dialogante e de saber escoitar aos demais; a capacidade para traballar en equipo; a capacidade de analizar e criticar razoadamente as opinións e valores alleos; e a capacidade autocrítica e de rectificación.

## 6. Concrecións metodolóxicas que require a materia

Desde un punto de vista xenérico, a programación didáctica baséase nos seguintes principios metodolóxicos de intervención educativa:

- a) Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.
- b) Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias clave e específicas por medio do traballo proposto en cada bloque temático.
- c) Dáse prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica.
- d) Propíciense oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de xeito que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- e) Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto dos seus coñecementos.

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos e alumnas sexan, gradualmente, capaces de aprender de forma autónoma. Para lograr esta finalidade o desenvolvemento das experiencias de traballo na aula buscará a alternancia entre os dous grandes tipos de estratexias: expositivas e de indagación. Estas estratexias materializaranse en técnicas como os diálogos, os conflitos cognitivos, os dilemas morais, as representacións dramáticas, os cuestionarios escritos, os comentarios de distintos tipos de textos, a exposición oral, o debate, os mapas conceptuais e os traballos de investigación.

Desde un punto de vista máis concreto, os bloques temáticos desenvolveranse de acordo co seguinte esquema, articulado en x unidades didácticas:

### Unidade 1: A Filosofía. Contidos:

- B1.1. Conceptos do bloque "A filosofía":
- B1.3. Explicación racional (logos) e mitolóxica (mito).
- B1.6. O individuo e a polis en Sócrates e en Protágoras.
- B1.8. Funcións da filosofía nas súas vertentes teórica e práctica.

### Unidade 2: Identidade persoal.

- B2.1. Conceptos do bloque "Identidade persoal": personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, etc.
- B2.2. A personalidade.
- B2.3. Teorías sobre a personalidade
- B2.4. Etapas do desenvolvemento da identidade persoal. Tipos de personalidade.
- B2.5. O inconsciente na psicanálise.
- B2.6. O innato e o adquirido na formación da personalidade.



- B2.8. A motivación e os conceptos asociados: emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.
- B2.9. A motivación desde a teoría cognitiva: coñecemento e motivación.
- B2.11. Condición afectiva humana.
- B2.12. Impulsos, emocións e sentimentos.
- B2.13. Papel do corpo na afectividade.

### **Unidade 3: Pensamento e coñecemento**

- B4.1. Conceptos do bloque "Pensamento": razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.
- B4.4. Racionalidade teórica e racionalidade práctica. Teoría e experiencia.
- B4.7. A verdade e os seus tipos: a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso.
- B4.8. Papel do erro na procura da verdade. O erro como oportunidade.

### **Unidade 4: Realidade e Metafísica**

- B5.1. Conceptos do bloque "Realidade e metafísica": metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo.
- B5.2. Metafísica: o seu obxecto e o seu método.

### **Unidade 5: A "transformación" ética.**

- B6.1. Conceptos do bloque "Transformación-ética": vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.
- B6.2. Libre albedrío e vontade.
- B6.5. O libre albedrío e o determinismo na natureza.

### **Unidade 6: Socialización e Política.**

- B3.1. Conceptos do bloque "Socialización": individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, globalización, etc.
- B3.2. Cultura e sociedade. Compoñentes socioculturais do ser humano.
- B3.3. Contidos culturais: institucións, ideas, crenzas, valores, obxectos materiais, etc.
- B3.4. Niveis biolóxico, afectivo e cognitivo na internalización da cultura.
- B3.5. Elementos do proceso de socialización: socialización primaria e secundaria.
- B3.6. Teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.
- B3.7. A civilización. Diferenza entre civilización e cultura. Oriente e Occidente.
- B3.8. Comunicación. Comunicación non verbal.
- B3.9. A comunicación na época das tecnoloxías da información e da comunicación.
- B3.10. O individuo como capaz de innovar e crear cambios culturais.
- B3.11. Diferenzas culturais. Relativismo cultural e etnocentrismo.

### **Temporalización**

A temporalización é flexible, pois dependerá das singularidades do alumnado e da evolución da materia no tempo máis prevese a seguinte distribución das unidades:

- 1ª Avaliación: Unidades 1, 2.
- 2ª avaliación: Unidades 3, 4 e 5.
- 3ª avaliación: Unidade 6.

## 7. Materiais e recursos

Non se fixa ningún libro de texto. A docente encargada da materia pode escoller o libro de texto que mellor se adapte á súa metodoloxía ou non usar ningún. Usaranse os recursos (apuntamentos, guiños de estudo e de lectura, presentacións, glosarios, instrucións para redactar disertacións e outros tipos de traballos, exemplos, enlaces a páxinas de internet, etc.) que cada docente, de acordo coa súa metodoloxía, considere oportunos para complementar ou substituír ao libro de texto. Estes recursos poderán poñerse á disposición do alumnado na aula virtual do centro ou en sitios web creados polo profesorado.

Previsiblemente, haberá unha obra de lectura filosófica asequible e que teña conexión con, polo menos, algún dos bloques temáticos tratados.

Traballaremos sempre sobre os contidos recollidos nos apuntamentos deseñados polo/a docente e/ou libro de texto, que serán a referencia e guía fundamental para a impartición da materia, a realización dos traballos e a avaliación dos contidos explicados. Os apuntamentos estarán a disposición do alumnado na aula virtual.

Entre os recursos didácticos destacamos os recursos TIC e as proxeccións multimedia, para a presentación de diapositivas e a proxeccións de filmes ou vídeos explicativos.

## 8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

### 8.1. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación curriculares atópanse recollidos no currículo da materia de Filosofía de 4ºESO, criterios que se concretizan nos *Estándares de aprendizaxe* previamente sinalados.

### 8.2. Criterios de cualificación

#### Avaliación ordinaria

Para avaliar o logro dos obxectivos da materia, ao longo do curso, todos os alumnos terán que realizar, como mínimo, tres probas (unha por avaliación). Consideramos a opción de realizar, en lugar dun exame, un traballo monográfico sobre un tema relevante para a materia. Tanto os traballos como as probas versarán sobre os contidos dos bloques temáticos. Estas probas puntuaranse de cero (0) a dez (10), aplicando os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe cos seus mínimos esixibles que están recollidos nesta programación. O 80% da puntuación da nota de cada avaliación corresponderase coa nota obtida no exame ou no traballo. O 20% restante queda reservado ás actividades que se realicen na aula, comportamento, traballos pequenos, actividades da aula virtual, etc.

En cada avaliación, as cualificacións basearanse nas puntuacións obtidas polo alumnado nas probas e/ou traballos realizados. A nota mínima necesaria para aprobar será de cinco (5) puntos.

Se o alumnado acada unha media inferior a 5 sobre 10 nas probas, a cualificación final non se ponderará sobre 8. Se se dá o caso de que a media dos exames é igual ou superior a 5 sobre 10, pero sobre 8 non chega ao 5 unha vez sumada a nota correspondente ao 20% restante (é dicir, tendo os exames aprobados cunha cualificación de 5 aproximadamente, e coas actividades sen entregar ou con mala puntuación), só se fará o redondeo a 5 cando a nota sexa igual ou superior ao 4,5 e teña a(s) outra(s) avaliación(s) aprobada(s).

Sempre que as circunstancias o permitan, será realizada, como mínimo, unha proba por avaliación. No caso de alumnado cunha ou dúas avaliacións suspensas, farase a recuperación parcial dese(s) trimestre(s) na avaliación final do período ordinario. Ou sexa, "gárdanse" as partes aprobadas.

#### Avaliación extraordinaria

Atendendo ás modificacións introducidas na avaliación establecidas na Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, segundo o disposto na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE), o alumnado que non supere a materia, logo da terceira avaliación do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba final de recuperación antes de que finalice o período ordinario, isto é, en xuño. A proba consistirá nun exame –cun formato semellante aos exames que se realizarán durante o curso- no que se avaliarán as partes suspensas (1ª, 2ª e/ou 3ª avaliación).

## Medidas previstas para os casos de fraude na realización das probas ou na presentación de traballos

Se na realización de exames ou na presentación de traballos se atopasen probas de que estes foron copiados ou falsificados, a cualificación dos mesmos será de cero (0) e o alumno ou alumna non terá ningún dereito a repetir os exames ou traballos falsificados.

### Datas e prazos

Coa suficiente antelación, a docentede cada grupo informará ao seu alumnado sobre as datas previstas para a realización de probas escritas e, se é o caso, sobre os prazos de presentación de traballos. As probas previstas e acordadas non se cambiarán de data ao chegar o momento da súa realización, a menos que a docente o considere razoable, e non se repetirá o exame a ningún alumno que non se presentou sen ter un motivo claramente xustificadas.

### 8.3. Criterios de promoción

Respecto da promoción do alumnado, seguiranse as concrecións curriculares establecidas polo centro e atendendo ás instrucións da Orde do 25 de xaneiro de 2022.

## 9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

A continuación recóllese a seguinte rúbrica para a avaliación do proceso de ensino:

	ESCALA				
	1	2	3	4	5
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.					
Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.					
Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.					
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.					
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.					
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.					
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE/NEE.					
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE/NEE.					
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado					
Empregáronse instrumentos de avaliación distintos en casos de ACNEAE/ACNEE					
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.					

A continuación recóllese a seguinte rúbrica para a avaliación da práctica docente:

	ESCALA				
	1	2	3	4	5
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que necesita.					
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.					
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE/NEE.					
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.					
Combínase o traballo individual e o traballo en equipo.					
Poténcianse estratexias de animación á lectura.					
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.					
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.					
Ofrécese ao alumnado o resultado das probas no período de tempo esixible.					
Coméntase co alumnado os resultados das probas, explicando os erros e dando pautas de corrección.					
As medidas de apoio atópanse vinculadas aos estándares.					

## 10. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar segundo os resultados do alumnado

A data prevista para a realización da avaliación inicial é a inicio de curso (1ª semana). Descrición do tipo de proba:

- (1) Resumo dun texto breve acerca dos contidos básicos da materia.
- (2) Dúas cuestións breves de argumentación relacionadas co texto.
- (3) Dúas cuestións de identificación (forma variable).

Consecuencias dos resultados da proba: Sen peso na cualificación do alumnado, pero con avaliación de nivel do grupo-clase e detección de necesidades que permitan adiantar procesos e adaptación de metodoloxías e recursos.

## 11. Medidas de atención á diversidade

A programación didáctica terá presente a diversidade do alumnado e as necesidades educativas particulares. Serán aplicadas as medidas indicadas no Capítulo I do Título II da Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE), nos artigos 71 a 79 bis, relativas ao alumnado con necesidades especiais de apoio educativo (ACNEAE) e necesidades educativas especiais (ACNEE). A LOMCE apenas modifica estes artigos. Foron tidas en conta ademais as medidas recollidas no artigo 7 do Decreto 86/2015 relativas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e necesidades educativas especiais.

Estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades, e cumprir os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa. Trátase de evitar a aparición e consolidación de dificultades da aprendizaxe, así como de facilitar o proceso de socialización e autonomía das alumnas e alumnos.

O alumnado con necesidades especiais de apoio educativo precisa duna atención educativa diferente á ordinaria por presentar dificultades na aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ó sistema educativo, diversas condicións persoais ou de historia escolar, ou calquera aspecto que dificulte o proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado con necesidades educativas especiais require apoio educativo a causa dunha discapacidade física e/ou mental, como os casos de discapacidade intelectual, visual, auditiva, motora, etc.

Os principios de normalización, inclusión e intervención educativa han de ser esenciais na aplicación destas medidas, co fin de garantir que nas avaliacións se tomen en consideración as adaptacións precisas ó alumnado con necesidades especiais.

## 12. Concreción dos elementos transversais

A continuación expóñense os elementos transversais traballados en cada unha das unidades:

ELEMENTOS TRANSVERSAIS	1	2	3	4	5	6
Comprensión lectora						
Expresión oral						
Expresión escrita						
Comunicación audiovisual						
TICs						
Emprendemento						
Educación cívica e constitucional						
Igualdade efectiva entre homes e mulleres						
Prevenção da violencia, do racismo e da xenofobia						
Creatividade, iniciativa e traballo en equipo						
Confianza en si mesmo e sentido crítico						
Mellora da convivencia						

### 13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados, e procesos de mellora

A Programación que aquí se presenta pretende ser un documento vivo, suxeito a continua avaliación e mellora ao longo do curso. Para recoller este obxectivo propónse a cumprimentación dunha rúbrica ao final de cada avaliación por parte do profesor. Esta rúbrica permitirá diagnosticar as posibilidades de mellora na Programación Didáctica e adoptar estratexias ao respecto.

	ESCALA				
	1	2	3	4	5
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.					
Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas, temas e proxectos, e posta en práctica.					
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unidade didáctica, temas e proxectos.					
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.					
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.					
Vinculación de cada estándar con un ou varios instrumentos de avaliación.					
Asociación de cada estándar cos elementos transversais.					
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.					
Adecuación da secuencia de traballo na aula-clase.					
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.					
Adecuación do libro de texto.					
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.					
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.					
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación.					
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.					
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.					
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento e avaliación de materias pendentes					
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc.					
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.					
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.					
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.					
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					
Contribución da materia na dinamización do centro (Proxecto Lector, Plan de Convivencia, Dinamización Lingüística, Políticas de Xénero, etc).					
Integración das TIC no desenvolvemento da materia.					

**Observacións:**